



C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

**1BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL
MEDIANTE CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO DE TRES
TITORES/AS DE EMPREGO PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
“MAIS EMPREGO IV”**

1.- OBJECTO

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de “obra ou servizo determinado” por un prazo previsto que irá dende o día 20 de novembro de 2019 ata o día 20 de outubro de 2020, a tempo completo, de tres técnicos/as medios, como titores/as de emprego, no ámbito de desenvolvemento das accións do Programa Integrado Para o Emprego, “MAIS EMPREGO IV”, que se levará a cabo conxuntamente polos concellos de Cuntis, Caldas de Reis , Portas ,Barro e Moraña.

O contrato formalizarase baixo a fórmula de servizo determinado e a tempo completo, condicionada a súa duración ao desenvolvemento das accións previstas no programa “MAIS EMPREGO IV”, programa integrado para o emprego, promovido polos concellos de Cuntis, Caldas de Reis ,Portas , Barro e Moraña, a desenvolver nos anos 2019/2020, subvencionado pola Consellería de Economía , Emprego e Industria, mediante resolución de data 21/10/2019, polo que en ningún caso adquiran a condición de fixos de plantilla.

A xornada de traballo será a tempo completo, no horario e lugares que se determine atendendo as necesidades do servizo, cando estas o esixan, o traballo poderá realizarse en xornada partida de mañá e tarde e no horario que se determine. O salario bruto mensual será de 1.742,51€

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

- **a)** Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52, permita o acceso ao emprego público.
- **b)** Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condición de obtela.
- **c)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin





C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- **d)** Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- **e)** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para ol desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- **f)** Acreditar coñecementos de galego ou superar unha proba.

2. As convocatorias dos procesos selectivos poden establecer con carácter abstracto e xeral requisitos específicos de acceso que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas a desempeñar.

3. Non poden participar nos procesos selectivos as persoas que xa pertencen ao respectivo corpo, escala ou categoría profesional.

Tarefas a desenvolver:

As tarefas a desenvolver estarán relacionadas coas seguintes actuacións.

- a) Información, orientación e asesoramento.
- b) Propoñer diferente formación transversal en función do perfil das persoas participantes no programa.
- c) Técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea.
- d) Habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista.
- e) Fomento da capacidade emprendedora.
- f) Prospección empresarial.
- g) Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes.
- h) Formación para o emprego, distinta á prevista na letra b).
- i) Diseñar a prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia, de ser o caso, co contido teórico práctico das accións formativas.
- j) Todas aquelas accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas demandantes de emprego.
- k) Elaboración e tramitación de diferente documentación relacionada coa xestión do programa "Mais emprego IV"

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase mediante o sistema de concurso de valoración de méritos, que incluírá a realización dunha proba psicotécnica, e para aqueles candidatos/as que non acrediten o coñecemento do galego realizarase unha proba a definir polo tribunal.





C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Farase unha oferta publica de emprego a través dun diario dos de maior difusión na provincia e publicación no taboleiros de anuncios dos Concellos de Cuntis, Caldas de Reis, Portas, Barro e Moraña, e nas súas respectivas páxinas WEB.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se adxunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis ou remitilas por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento Administrativo Común, no prazo de CINCO días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no diario de maior de difusión, sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres: 9:00 a 13:00 horas.

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calesquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento Administrativo Común. **Cando a solicitude (Anexo I) non se presentase físicamente no Rexistro do Concello ou na súa sede electrónica, deberá anunciarse a súa chegada ao e-mail cfoaran@concellodecuntis.es. ESTO SERA REQUISITO IMPRESCINBIBLE PARA TER EN CONTA ESTAS SOLICITUDES.**

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou documento que proceda para cidadáns dalgún estado membro da Unión Europea.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. (Anexo I).
- Fotocopia dos documentos que acrediten a titulación e a formación complementaria.
- Relación de outros méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal, que terá como funcións a avaliación dos méritos alegados polos aspirantes e da proba escrita propondrá a Presidencia o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado polas seguintes persoas:





C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Presidenta: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria do Concello de Cuntis.
Secretario/a: Maria del Carmen Lopez Campos técnica de cultura do Concello de Cuntis, que actuará con voz e voto.

Vocais:

Ana María Barreira Fresco técnica de cultura do Concello de Portas
Celina Reguera Vázquez técnica de cultura do Concello de Caldas de Reis
Consuelo Rivadulla Rodríguez educadora familiar do Concello de Cuntis

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e a/o Secretaria/o.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O tribunal reunirse nos 3 días hábiles posteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes, sacando unha lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dando un prazo de dous días hábiles para efectuar posibles emendas. No caso de non haber persoas excluídas entenderase a citada lista como definitiva.

Unha vez sacada a lista definitiva de admitidos/as e reunido validamente o tribunal quedará facultado para valorar exclusivamente os méritos alegados polos candidatos/as presentados ao proceso selectivo.

Valoraranse os méritos enumerados na cláusula 7ª de estas Bases. Para aqueles candidatos/as que non acrediten o coñecemento do galego, fixarase data e lugar para realización da proba correspondente, que se valorará como apto/a ou non apto/a.

Para asegurar a obxectividade e a racionalidade do procesos selectivos, esta valoración completarase coa realización dunha proba psicotécnica a definir polo tribunal, sendo necesario para acceder á mesma atoparse entre os seis curriculum mellor valorados.

Concluída a fase de concurso, o Tribunal fará públicos os resultados nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Cuntis, Caldas de Reis, Portas, Barro e Moraña e nas súas páxinas WEB, fixando a data para a realización da proba psicotécnica, unha vez valorada a proba psicotécnica, publicarase a listaxe definitiva por orden de puntuación e elevarase ao Alcalde-Presidente do Concello de Cuntis, con proposta de nomeamento.





C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

No caso de empate terá prioridade o/a candidato/a que acredite maior puntuación no seguinte orde:

- 1º Quen acredite maior experiencia no punto 3º a) da bases /7ª
- 2º Quen acredite maior experiencia no punto 3º b) da bases 7ª
- 3º No caso de prevalecer o empate farase unha entrevista persoal

A entrevista versará sobre os méritos específicos alegados que teñan que ver coas características do posto de traballo a desempeñar.

Tendo en conta a proposta efectuada polo tribunal o Alcalde-Presidente, ditará resolución de contratación dos/as aspirantes seleccionados/as.

Co resto de candidatos elaborárase unha bolsa de emprego (ata un máximo de tres), polo orde de puntuación obtido de maior a menor, e poderán ser contratados no caso de que se produza a baixa da persoa contratada. O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda da praza a cubrir.

7.-BAREMO XERAL DE MÉRITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

1. Titulación académica máximo 1 puntos

- a. *Titulacións preferentes..... 1 puntos*
 - i. *Psicloxía*
 - ii. *Pedagogía*
 - iii. *Psicopedagogía*
 - iv. *Socioloxía*
 - v. *Educación social*
 - vi. *Traballo social*
 - vii. *Diplomatura de relacións laborais*
 - viii. *Economía*

- b. *Outra titulación media ou superior . 0,5 punto*

2. Formación complementaria máximo 2 puntos

- a. **Masters, cursos etc.. en materias relacionadas coa análise ocupacional, mercado de traballo, prevención, formación ocupacional, xestión de recursos humanos, habilidades sociais, itinerarios formativos, técnicas de busca de emprego, e orientación laboral, de mais de 20 horas lectivas.0,04 puntos por cada 20h. Lectivas.**

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do contido e duración dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Neste caso so se valoraran aquelas horas do curso que estean relacionadas co posto ó que se pretende optar.





C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

3. **Experiencia profesional, (máximo 7 puntos)** (Debera acreditarse mediante vida laboral mais copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas)
- Por cada mes traballando nun programa integrado de emprego no ámbito xeográfico dos concellos de Cuntis, Caldas, Portas, Barro ou Moraña....0,2 puntos
 - Por cada mes traballado noutros programas integrados de emprego....0,1 puntos
 - Por cada mes traballando como ADL, Orientador/a laboral, Técnico/a de inserción.....0,05 puntos

4. **Proba psicotécnica (máximo 1 punto).** So para os seis curriculumms mellor valorados en función dos puntos 1,2 e 3 anteriores.

Esta proba consistirá en contestar unha serie de items que unha vez valorados ,arroxen resultados relacionados coas habilidades e aptitudes das persoas candidatas para realizar as tarefas a que se refire a convocatoria, esta proba será realizada por unha empresa especializada neste ámbito.

8.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación relativa ós méritos alegados procederá a formalización do contrato entre o Concello de Cuntis e o/a aspirante seleccionado/a. Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo de contratación que adopte o Concello será publicado no taboleiro de anuncios, para coñecemento de todos/as os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

NOVENA: RÉXIME XURÍDICO

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán se impugnadas polos interesados nos casos e na forma prevista na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

O Axente de desenvolvemento local
Asdo : José Antonio Sánchez Estévez





C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

ANEXO I : Solicitud de Participación

D/a _____
-
provisto/a de DNI nº _____ con domicilio en _____
C.Postal _____ Localidade _____ Municipio _____ Provincia _____
Teléfono _____ e-mail _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cuntis para a contratación de técnicos/as para o programa integrado de emprego "MAIS EMPREGO IV", e AUTORIZA A UTILIZACIÓN DO E-MAIL PARA AS NOTIFICACIÓNS RELATIVAS A ESTE PROCEDEMENTO

DECLARO:

- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
 Solicito ser admitido/a ó referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
 Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello de Cuntis, procedo a adiantar o envío da presente solicitude de participación por e-mail (cfoaran@concellodecuntis.es), dentro do prazo fixado nas bases desta convocatoria (Base 4ª)

E SOLICITA ser admitido/a para participar na selección prevista ó efecto.

Cuntis, de _____ de 2019.

Asinado,
O/A INTERESADO/A

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS.





C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Relacion de meritos que se adjuntan (Titulacion,cursos, experiencia laboral)

Meritos	Horas/meses

